



NOTA DE PRENSA

Os nenos de entre 6 e 14 anos que desexen formar parte desta iniciativa poden inscribirse antes do 19 de xullo

O Concello de Boiro porá en marcha un verán máis a patrulla medioambiental nas praias do municipio

Este é o terceiro verán que vén funcionando a patrulla medioambiental nas praias de Boiro. Comezará a patrullar o luns, 19 de xullo. Trátase dunha actividade desenvolvida por nenos de entre 6 e 14 anos nos areas de Carragueiros, A Retorta, Mañóns e Barraña. Os nenos uniformados patrullan as praias como instrutores medioambientais, premiando aos usuarios polas súas boas actitudes, regalando cinceiros e entregando chapas feitas por eles mesmos. Participarán na campaña deste ano aproximadamente 50 nenos que repartirán 2.500 cinceiros. A actividade é desenvolvida pola empresa Trebello, a cargo do monitor Luís Castro, por petición das concellerías de Turismo e Medio Ambiente do Concello de Boiro. A actividade está patrocinada pola empresa Javasan Excom, encargada da limpeza dos areas boirenses. Aínda quedan prazas para participar nesta actividade. Si desexa facelo pode inscribirse antes do 19 de xullo en info@trebello.com ou chamando ao teléfono de Trebello 679.20.88.53

+ info sobre esta nova: 625451197 (Amalia L.Louro)

Boiro, 9 de xullo de 2010.

Gabinete de prensa